

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0211	Destrezas sociais	2018/2019	6	123	123

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUCÍA LÓPEZ REY, EMILIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Destrezas Sociais, cunha duración de 123 horas, é fundamental na formación das futuras/os Técnicas/os en Atención as Persoas en Situación de Dependencia, porque contén a formación necesaria para que as/os futuras/os TAPSD adquiran e/ou melloren as destrezas sociais necesarias para desenvolver unha relación profesional de coidado eficaz e satisfactoria e para que sexan quen de interactuar adecuadamente nas súas relacións profesionais con outras persoas, adaptando o seu comportamento ás características destas e ao contexto.

Trátase dun módulo transversal na formación do estudantado, ten un carácter fundamentalmente procedimental e actitudinal, vinculado con importantes competencias profesionais, persoais e sociais como son:

- n) Asesorar persoas en situación de dependencia, familiares e persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.
- t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo. As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o aumento de persoas maiores na nosa comunidade e a diminución de coidadoras informais, faría previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable, se ben o actual escenario socioeconómico pode frear a demanda de persoas altamente cualificadas para tarefas de atención.

O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observaba nos últimos anos vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial.

A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria tamén unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

A presente programación concreta e adapta o currículo do módulo ao contorno socioeconómico e características do alumnado do ciclo formativo de grao medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do CIFP Compostela, na cidade de Santiago de Compostela.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Destrezas sociais e emocionais para TAPS	Nesta UD analizaremos as destrezas sociais e emocionais necesarias para unha práctica profesional efectiva e satisfactoria. A partir da caracterización da relación de axuda e a práctica profesional aprenderemos a identificar e valorar os aspectos emocionais e comunicativos implicados no coidado de persoas dependentes, describiremos os estilos de comunicación e relacionais, as principais barreiras que afectan as relacións interpersoais e formularemos as habilidades sociais específicas para un exercizo profesional adecuado.	18	10
2	Avaliación de destrezas sociais e emocionais	Nesta UD analizaremos os indicadores e momentos de avaliación das destrezas sociais e emocionais, seleccionaremos os principais instrumentos de avaliación cos que recolleremos e interpretaremos os datos sobre as propias destrezas para identificar as pautas de mellora.	20	20
3	Adestramos e melloramos as destrezas sociais e emocionais	Nesta UD aprenderemos diferentes técnicas e estratexias que nos permitan adestrar e mellorar habilidades sociais e emocionais básicas na práctica profesional das TAPSD como son a escoita activa, a empatía, a asertividade e o autocoidado emocional.	35	30
4	Traballamos en grupos	Nesta UD caracterizaremos a estrutura e funcionamento dos grupos, para aprender a seleccionar as dinámicas de traballo máis axeitadas para crear un ambiente de traballo cooperativo, eficaz e respetuoso coas diferenzas individuais.	30	20
5	Xestionamos e resolvemos conflitos	Nesta UD aprenderemos a xestionar e resolver os conflitos que aparecen no traballo en grupos e nas relacións interpersoais. Partiremos da análise das principais fontes e tipos de conflito, logo describiremos o proceso de resolución de conflitos e finalmente, seleccionaremos e aplicaremos as técnicas adecuadas para a prevención e resolución de conflitos respetando as diferentes opinións e posicións individuais e mostrando unha actitude positiva cara o cambio.	20	20



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Destrezas sociais e emocionais para TAPS	18

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.
CA1.2.1 Defínese o concepto e os elementos caracterizadores das hhss
CA1.2.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais
CA1.3 Identifícanse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.3.1 Caracterízase o proceso comunicativo
CA1.3.2 Identifícanse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.7 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos diferenciadores persoais (emocións, sentimentos e personalidade).
0CA1.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA1.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA1.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Habilidades sociais e conceptos afíns.
Aproximación ó concepto de habilidades sociais
Compoñentes das HHSS
Grupos de habilidades sociais
Habilidades sociais para TAPS
Intelixencia emocional: educación emocional; emocións e sentimentos.
Importancia das habilidades sociais no exercicio profesional.
Valoración da importancia das actitudes e das habilidades sociais e comunicativas na relación de axuda.





#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Avaliación de destrezas sociais e emocionais	20

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	NO
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
0CA1.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA1.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA1.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.
CA4.1 Identifícanse os indicadores de avaliación da competencia social.
CA4.2 Rexístrouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.3 Rexístráronse os datos en soportes establecidos.
CA4.4 Interpretáronse os datos recollidos.
CA4.5 Identifícanse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.
CA4.6 Marcáronse as pautas de mellora.
CA4.7 Efectuouse a valoración final do proceso.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Rexistro e interpretación de datos da competencia social.
Indicadores da competencia social.
Identificación de aspectos susceptibles de mellora. Proposta de actuación.
Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.
Análise e proceso de formación inicial e ao longo da vida do persoal profesional do traballo social.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Adestramos e melloramos as destrezas sociais e emocionais	35

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícanse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.
CA1.5 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.5.1 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información aplicando técnicas de escoita activa
CA1.5.2 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información aplicando técnicas de comunicación asertiva
CA1.6 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.
CA1.6.1 Identifícanse os xeitos de aprendizaxe das habilidades sociais
CA1.6.2 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.
CA1.8 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.
CA1.9 Identifícanse as técnicas de hixiene emocional e autocoidado para o afrontamento do estrés asociado ao coidado
CA1.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado dos recursos,....
CA1.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: verbal e non verbal.
CA1.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.
Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal. Estilos de comunicación. Papel da comunicación nas relacións interpersoais. Estratexias para unha comunicación eficaz.
Valoración comunicativa de contexto. Elementos facilitadores e obstáculos na comunicación
Mecanismos de defensa e comunicación.
Hixiene emocional e autocoidado para profesionais do coidado



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Traballamos en grupos	30

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	NO
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
0CA1.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA1.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA1.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.
CA2.1 Descríbóronse os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo.
CA2.5 Respectáronse as diferenzas individuais no traballo en grupo.
CA2.6 Identificáronse as principais barreiras de comunicación grupal.
CA2.7 Definiuse a repartición de tarefas como procedemento para o traballo grupo.
CA2.8 Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
O grupo: tipos e características; desenvolvemento grupal.
0Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.
Interpretación da estrutura e procesos de grupo.
Papeis e tipoloxías das persoas integrantes do grupo.
Técnicas de dinamización de grupos.
Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.
Comunicación nos grupos: principais barreiras.
Equipos de traballo: organización e reparto de tarefas; traballo individual e en grupo.





Contidos

Aplicación de estratexias de traballo cooperativo.

A confianza no grupo.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestionamos e resolvemos conflitos	20

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	NO
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
0CA1.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA1.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA1.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.
CA3.1 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.1.1 Definióense os conceptos e os elementos caracterizadores dos problemas e dos conflitos.
CA3.1.2 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.2 Relacionáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.3 Presentouse ordenadamente e con claridade o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.
CA3.4 Planificáronse as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e do xeito de superalas.
CA3.5 Respectáronse as opinións das outras persoas acerca das posibles vías de solución de problemas.
CA3.6 Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos.
CA3.6.1 Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos
CA3.6.2 Definiuse o concepto e os elementos da mediación na resolución de conflitos
CA3.7 Identificáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.8 Discriminou entre datos e opinións.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
O conflito nas relacións interpersoais: causas. O conflito nas relacións interpersoais: causas, tipos e fases
Aplicación das estratexias de resolución de conflitos.



**Contidos**

Proceso de toma de decisións.

Xestión de conflitos: negociación e mediación.

Valoración do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O Decreto que regula o título de Técnico Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, non recolle de forma explícita uns mínimos exigibles como tal. Aínda así, é certo que para a superación do módulo de destrezas sociais o alumnado ten que ser quen de:

- Aplicar un estilo asertivo en situación de interacción social.
- Experimentar estratexias para unha comunicación eficaz.
- Recoñecer as fases de desenvolvemento dos grupos sociais.
- Aplicar técnicas de grupo que faciliten a relación con outros profesionais e coas familias.
- Identificar a dinámica dos grupos e aplicar estratexias que favorezan a súa participación nos procesos educativos.
- Aplicar estratexias básicas para falar en público.
- Aplicar as habilidades sociais básicas en situacións xeradas no marco da aula.
- Analizar as causas dun conflito e aplicar estratexias que faciliten a súa resolución.
- Aplicar técnicas de resolución de conflitos.
- Autoavaliar a competencia social

Estes requerimentos, corresponderíanse cos criterios de avaliación relacionados a continuación.

### MÍNIMOS EXIXIBLES:

Esta e a relación dos criterios de avaliación considerados como mínimos exigibles, que ademais de guiar o procedemento de avaliación ordinario do módulo, servirán de referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, e as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda do dereito de avaliación continúa.

RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.

CA1.1 - Describíronse os principios da intelixencia emocional e social.

CA1.2 - Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.

CA1.3 - Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.

CA1.4 - Identificáronse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.

CA1.5 - Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.

CA1.6 - Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.

CA1.8 - Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.

CA1.9 - Identificáronse as técnicas de hixiene emocional e autocoidado para o afrontamento do estrés asociado ao coidado

CA1.10 - Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....

CA1.11 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.

CA1.12 - Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.

CA2.1 - Describíronse os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.



CA2.2 - Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.

CA2.3 - Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.

CA2.4 - Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo.

CA2.6 - Identifícanse as principais barreiras de comunicación grupal.

CA2.7 - Definiuse a repartición de tarefas como procedemento para o traballo en grupo

RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.

CA3.1 - Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.

CA3.3 - Presentouse ordenadamente e con claridade o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.

CA3.4 - Planificáronse as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e do xeito de superalas..

CA3.6 - Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos.

CA3.7 - Identifícanse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.

RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.

CA4.1 - Identifícanse os indicadores de avaliación da competencia social.

CA4.2 - Rexistrouse a situación persoal e social de partida do persoal.

CA4.3 - Rexistráronse os datos en soportes establecidos.

CA4.4 - Interpretáronse os datos recollidos.

CA4.5 - Identifícanse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.

CA4.6 - Marcáronse as pautas de mellora.

CA4.7 - Efectuouse a valoración final do proceso.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### CUALIFICACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Para calcular a cualificación de cada unidade didáctica, primeiramente cualifícanse cada un dos CAs que a compoñen.

- Cualificación dos CAs: Os CAs serán avaliados mediante os instrumentos sinalados no apartado 4c desta programación (probos, táboas de indicadores...). En función destes instrumentos, cada CA será cualificado entre 0 e 10, considerándose superado cando a cualificación obtida sexa igual ou superior a 5. Os CAs non considerados como "mínimos esixibles", poderan obter unha cualificación menor de 5. Para calcular a cualificación final da UD, os CAs (considerados como "mínimos esixibles") non superados, deberán ser recuperados.

- Cualificación final da UD: a cualificación dos CAs superados, (e a dos non superados non considerados "mínimos esixibles"), será ponderada polo peso que dito CA ten no conxunto da UD. O resultado da suma destes CAs ponderados, será a cualificación final da UD.

Unha unidade considérase superada, cando todos os CAs que a compoñen (agás os non considerados como "mínimos esixibles") sexan cualificados con 5 ou máis de 5.

Cualificación final da UD= $\sum_i(\text{Cualif CA}_i \times (\text{Peso CA}_i \text{ no total da unidade})/100) + \sum_j(\text{Cualif CA}_j \times (\text{Peso CA}_j \text{ no total da unidade})/100) + \sum_k(\text{Cualif CA}_k \times (\text{Peso CA}_k \text{ no total da unidade})/100)$

### CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO



Para superar o módulo, deberán superarse todas as UD que o compoñen, e polo tanto, todos os CAs considerados como "mínimos esixibles", que compoñen cada unidade.

Unha vez superadas todas as UDs, a cualificación final do módulo será o resultado da suma das cualificacións de ditas unidades, unha vez ponderadas polo peso que cada unidade ten no conxunto do módulo.

Cualificación final do módulo= $\sum$  (Cualif final UD1×(Peso UD1 no total do módulo)/100)+(Cualif final UD2×(Peso UD2 no total do módulo)/100)+...+(Cualif final UDn×(Peso UDn no total do módulo)/100)

#### CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

A cualificación reflexada no boletín do primeiro trimestre, será o resultado da suma das cualificacións finais das unidades traballadas no trimestre ponderado polo peso que dita suma ten sobre a cualificación máxima que o alumno/a pode obter no trimestre.

Cualificación trimestral= $\sum$  Cualificacións finais das UD traballadas no trimestre× 10/ $\sum$  Valores máximos das unidades traballadas no trimestre (sobre 10)

No caso de que no trimestre o alumno/a non fora quen de superar algún dos CAs considerados como "mínimos esixibles" e polo tanto non superara a unidade correspondente, a cualificación da avaliación trimestral non poderá ser superior a 4.

A cualificación reflexada no boletín do segundo trimestre, será igual á cualificación final do módulo.

#### CUALIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS CAs

A cualificación dos diferentes instrumentos de avaliación realizarase tendo en conta as seguintes consideracións:

- PROBAS: un CA poderá ser avaliado mediante unha ou varias probas escritas e/ou orais de carácter individual ou grupal, que poderán ser de diverso tipo (test, preguntas breves, caso práctico...). Consideraranse superadas as probas cualificadas como mínimo cun 5.

- OUTROS (táboas de indicadores, rexistros anecdóticos...): Avaliaranse deste xeito os produtos realizados polo alumnado, tanto de xeito individual, como en grupo e dentro e fora da aula. Estes produtos poderán ser: ensaios de comportamento, documentos (informes, traballos de investigación, comentarios analíticos, exercicios de síntese e reflexión ...) ou calquera outra elaboración do alumnado. Nestes produtos e, independentemente dos aspectos particulares avaliados en cada un, valorarase, entre outros, a estrutura e presentación dos contidos, a elaboración de todos os apartados solicitados, a elección correcta dos materiais, a viabilidade da proposta (de ser o caso), a entrega no prazo acordado, a adecuación aos formatos de entrega, a corrección ortográfica e gramatical, a orixinalidade e creatividade, a calidade na presentación e a bibliografía/webgrafía consultada. En caso de que algún destes produtos teña que expoñerse públicamente ao grupo-clase, valorarase tamén a calidade do discurso, a utilización de recursos, as habilidades e destrezas demostradas, a adecuación aos tempos asignados, a equidade no reparto de tarefas (nos traballos grupais)...

Respecto aos produtos grupais, cabe sinalar que os membros do grupo poden obter diferentes cualificacións nun mesmo produto, e no caso de que algún membro non amose suficiente implicación, incumpra as directrices aportadas pola docente, non se presente a exposición pública (de ser o caso) por causa inxustificada... podería ser cualificado negativamente a pesares de que o resto de grupo acade unha cualificación positiva. Os produtos non presentados serán cualificados cun 0, e os presentados fora de prazo (ata un máximo de 2 días despois da data acordada) serán cualificados cun 5 como máximo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DOS CA NON SUPERADOS

Para superar os CAs considerados como "mínimos esixibles", o alumnado deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 nos instrumentos de avaliación previstos para estes CAs. No caso de obter unha cualificación inferior, os CAs consideraranse non superados, e deberán ser recuperados.

A recuperación dos CAs non superados realizarase tendo en conta as seguintes consideracións:

- No caso de non superar as probas escritas previstas para cada CA, o alumno/a deberá realizar unha nova proba, relacionada cos criterios de avaliación non superados. Esta proba, poderá coincidir coa proba final do módulo. No caso de non superar esta proba, o módulo considerárase non superado e o alumno/a, deberá realizar as actividades de recuperación previstas pola normativa vixente.
- No caso de non obter cualificacións positivas nos CAs avaliados mediante outros instrumentos (táboas de indicadores, rexistros anecdóticos...) o alumno/a deberá repetir a elaboración (traballo documental, ensaio de comportamento...) sobre a que se aplica dito instrumento ou realizar outra elaboración similar, relacionada co criterio de avaliación correspondente. O prazo previsto para a entrega ou demostración das elaboracións non superadas, poderá coincidir coa proba final do módulo. No caso da non superación destas novas elaboracións, o módulo considerárase non superado e o alumno/a, deberá realizar as actividades de recuperación previstas pola normativa vixente.
- No caso de non superar algún/s dos CAs de carácter máis actitudinal recollidos nunha unidade didáctica, o alumnado deberá demostrar unha mellora da actitude na seguinte unidade didáctica, e no caso de tratarse da última unidade, o módulo considerárase non superado e o alumno/a, deberá realizar as actividades de recuperación previstas pola normativa vixente.

En tódolos casos anteriores, as actividades de recuperación previstas, concretaranse para cada alumno/a nun informe individualizado, que tomará como referencia os criterios de avaliación non superados.

O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, do período da súa realización, e da data en que será avaliado.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Determinación da perda do dereito a avaliación continua:

- Tal e como se establece nas Normas de Organización y Funcionamento (NOF) do CFP COMPOSTELA: ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: "O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas." Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establececese para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

Polo tanto, neste módulo establécese un total de:



- 12 Faltas sen xustificar
- 6 Faltas xustificadas

O alumno/a será apercibido/a cando as faltas sen xustificar superen o 6% da duración do módulo: 7 faltas de asistencia sen xustificar. A comunicación de perda do dereito a avaliación continua, realizarase cando as faltas sen xustificar do alumno/a superen o 10% da duración do módulo: 12 faltas de asistencia sen xustificar

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA para o alumnado que perdesse o dereito de avaliación continua:

Tal e como indica o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011, O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente. Este alumnado poderá realizar a proba final extraordinaria con anterioridade á realización da FCT, e a cualificación obtida na proba poderá consignarse na avaliación parcial previa á FCT. O alumnado que nesta avaliación teña superados todos os módulos poderá realizar a FCT co resto do alumnado.

A proba de avaliación extraordinaria constará de 2 partes que poden ser desenvoltas en diferentes días:

1ª parte da proba: proba escrita. Poderá incluír cuestións de diferente tipo de resposta: de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento de cuestións relacionadas coas competencias do módulo.

A duración máxima desta proba será de 2 horas. Para superar esta proba é requisito imprescindible superar a parte correspondente a cada unidade didáctica, cunha nota mínima de 5, do contrario a proba considerarase non superada.

2ª parte da proba: proba escrita de carácter práctico, que consistirá na realización dun suposto práctico. A duración máxima desta proba será de 1 hora.

Para aprobalo módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 en cada unha das partes, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

### SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido (utilizando, se é o caso a plataforma habilitada a tal efecto), que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

Ademais do recollido no párrafo anterior, o seguimento da programación levarase a cabo de xeito continuo a través do caderno de aula. As anotacións recollidas neste facilitarán a realización do seguimento da programación mensual a través da aplicación informática.



## AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da práctica docente levarase a cabo en varios momentos. De xeito continuo ao longo do proceso recollendo información daqueles aspectos que non funcionan ou sexa necesario mellorar, para facelo no momento se a situación o permite. Ao final de cada trimestre desenvolverase unha avaliación conxunta co alumnado sobre o desenvolvemento do módulo. Nesta, entre outros temas, recolleranse datos e contrastaranse co alumnado sobre a propia práctica docente. Teranse en conta os seguintes temas:

- Metodoloxía utilizada.
- Obxectivos específicos acadados en cada UD e nivel de asimilación dos contidos e procedementos que interveñen.
- Nivel de adquisición dos resultados de aprendizaxe logrados realmente polo alumnado en relación aos programados/esperados.
- Pertinencia dos criterios de avaliación programados.
- Actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
- Explicacións realizadas na aula/taller: idoneidade, adecuación, pertinencia
- Materiais e recursos utilizados.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a primeira semana do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aquelas competencias nas que presenta máis dificultades.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15: "De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

De forma xeral neste módulo implantaranse, conforme ás necesidades detectadas, medidas de reforzo educativo, tanto curriculares como organizativas:



- Tendo en conta a posible discapacidade física dun alumno/a (xordeira, cegueira, deficiencia motórica,...), será necesaria a adecuación no acceso o currículo.
- Tamén poderán adecuarse compoñentes básicos do currículo (contidos, metodoloxía, recursos), incidindo directamente na programación, en base ás problemáticas concretas:
  - Adaptación no proceso de ensinanza-aprendizaxe aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades didácticas.
  - Planificación de actividades para determinar cales son os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
  - Tendo en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
  - Creación dun clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
  - Creación dun ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.
  - Métodos alternativos de ensinanza-aprendizaxe.
  - Maior tempo para a consecución dos obxectivos
  - Actividades diversas diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.
  - Diseñar diferentes actividades e situacións para avaliar o mesmo contido.
  - Adaptando os instrumentos de avaliación ás necesidades e capacidades potenciais do alumnado.
  - Materiais adaptados ás súas necesidades.
  - Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibilite distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos coa participación de todos os alumnos e alumnas

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo traballárase coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro.

Para este módulo podemos destacar:

1. Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
2. Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
3. Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
4. Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
5. Educación para o consumo responsable: Fomentarase entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)



6. Interculturalidade: Traballando desde o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao tratarse éste dun módulo transversal, en todas actividades programadas polo departamento para o segundo curso do CM de Atención a persoas en situación de dependencia o alumnado poderá relacionar e poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas no módulo, como a escoita activa nas charlas e ou visitas a centros, a empatía, o autocontrol, as habilidades relacionadas coa exposición pública...

En todo caso, propóñense como actividades complementarias para este módulo:

- Visita a un centro de diversidade funcional intelectual: Residencia Juan Vidán e/ou ASPAS
- Visita a un centro de Educación Especial: CEE A Barcia

## 10. Outros apartados

### 10.1) Bibliografía recomendada

- Verdugo Alonso, Miguel Angel: P.H.S., Programa de Habilidades Sociales Programas Conductuales Alternativos - 2ª Ed. Amaru Ediciones - 2003.
- Roca, Elia : Como Mejorar Tus Habilidades Sociales : Programa de Asertividad, Autoestima e Inteligencia Emocional - 2ª Ed. Rev. Acde Cooperacion y Desarrollo, 2005.
- Jeffrey A. Kelly: Entrenamiento de las Habilidades Sociales. Editorial Desclée de Brouwer. Bilbao, 2002. 8ª ed.
- Caballo, Vicente: Manual de evaluación y entrenamiento de las habilidades sociales. Editorial Siglo XXI. 2002.
- Ibáñez García, Tomás: Introducción á la Psicología Social. Editorial OUC. Barcelona 2004.
- Margarita Rojas González: Cuidar al que cuida. Santillana Ediciones Generales. Madrid. 2006
- Guía para as persoas cuidadoras. Consellería de Promoción Económica e Emprego. Concello de Santiago. 2010.
- ¿Grupos, movimientos colectivos e instituciones sociales¿. En Introducción a la Psicología Social. Tomás Ibáñez García (Dir.). Editorial UOC. Barcelona, 2004.
- Pilar Novoa: Relaciones en el equipo de trabajo. Editorial Santillana. Madrid, 2007
- Carlos María Alcover de la Hera e Francisco Gil Rodríguez: Técnicas grupales en contextos organizacionales. Editorial Pirámide. Madrid, 2006.
- María del Carmen Martínez (coord.): Dinámicas e intervención grupal. Editorial Síntesis. Madrid, 2010